

MEMORIA ANUAL 2025



ASOCIACIÓN RAIOLAS LUGO

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN	3
2.	ESTRUTURA ORGANIZATIVA	4-8
3.	ÁREAS DE TRABAJO	9-15
4.	PROGRAMAS	16-25
5.	OBRADOIROS	26-27
6.	ACTOS CONMEMORATIVOS	28-31
7.	ACTOS BENÉFICOS	32-34
8.	AS NOSAS FESTAS	35-37
9.	ACTIVIDADES	38-44
10.	CENTRO DE DÍA	45-46
11.	ÁREA ECONÓMICA	47-48

INTRODUCCIÓN

A Asociación Raiolas-Lugo é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2000 como unha asociación de pais e nais de persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) ou Trastornos da Comunicación Social (TCS) e polas propias persoas con TEA ou TCS.

Constitúese na cidade de Lugo o 29 de abril do ano 2000 tal e como consta na acta fundacional, presentouse como Asociación o día 30 de abril. Posteriormente, elabóranse os estatutos, que foron presentados na Consellería da Presidencia con data de rexistro de entrada do 18 de maio de 2000.

A sede social está na cidade de Lugo e o seu ámbito de actuación abarca a totalidade da provincia lucense.


Ata o ano 2002, coa falta de servizos na provincia de Lugo, as familias estiveron obrigadas a desprazarse fóra dela. Dende aquel momento, o obxectivo principal foi por en marcha una entidade de apoio especializado para persoas con TEA da provincia, hoxe convertido nun servizo de avaliación e diagnóstico, servizo psicopedagóxico, de logopedia, de terapia ocupacional, englobando sempre ao servizo de apoio familiar.

Poden ser socios da asociación os pais/nais ou titores legais de persoas con TEA ou TCS (socios numerarios) e calquera persoa ou entidade que desexe colaborar (socios colaboradores). Actualmente e tras o cambio nos estatutos da asociación, levados a cabo na asemblea anual de socios do día 18 de marzo de 2017, tamén poden ser socios numerarios as propias persoas con TEA que sexan maiores de 18 anos.

A misión da Asociación é mellorar a calidade de vida e a rede de servizos para as persoas con TEA ou TCS e as súas familias, buscando a plena inclusión familiar e social, procurando:

- A sensibilización da sociedade e dos profesionais do campo educativo, sanitario e social, sobre a dimensión e impacto socio-familiar das persoas con TEA
- Facilitar o acceso das familias á rede social, á información, á orientación e ao asesoramento de todos os aspectos relacionados co TEA.
- Promover recursos que favorezan a autonomía persoal e funcional das persoas con TEA e as súas familias.
- Apoiar e axudar ás familias.
- Facilitar o encontro e intercambio de experiencias entre as familias.
- Difundir a necesidade dun diagnóstico preciso para unha mellor intervención.
- Que as familias se sintan parte da asociación, que a fagan súa, que sexan partícipes da mesma.

ESTRUTURA ORGANIZATIVA



A **Asamblea Xeral** está formada por tódalas familias socias e representa o máximo órgano de goberno da asociación. A assemblea reúne cunha periodicidade anual, e de forma excepcional cando a Xunta Directiva considera necesario.

A **Xunta Directiva** é órgano de representación que xestiona e representa de xeito altruísta os intereses da asociación, dacordo coas disposicións e directrices establecidas pola Asamblea Xeral. Elíxese mediante asembleas xerais polos socios da entidade.

O seu **obxectivo** é garantir o bo funcionamento da Asociación en tódolos aspectos. Por si mesma, e a través de reunións periódicas co equipo técnico, realízase a labor directiva en prol da adquisición e consolidación de accións encamiñadas a conseguir os obxectivos e actividades da asociación.

En cada demanda formulada por posibles novos usuarios da entidade, a Xunta Directiva de Raiolas Lugo, concerta unha reunión coa familia e/ou usuarios adultos que compren previamente os requisitos para formar parte da mesma. Nesta primeira reunión, pretende achegarse toda a información á familia interesada ao respecto do funcionamento e réxime de regulamento propios da institución así como dar resposta a tódalas dúbidas que poidan xurdir sobre os programas e proxectos que se desenvolven na Asociación. Este paso, previo á alta formal dos novos socios e/ou usuarios/as, ten como finalidade servir de parapeto ás posibles dificultades e medos aos que se podan enfrontar as familias que comezan a súa andaina no marco dos servizos específicos destinados á atención das persoas con TEA e/ou TCS

NESTE ANO 2025, NO MES DE XULLO, TIVEMOS CAMBIO DE XUNTA DIRECTIVA. ESTA COMPÚXOSE POR:

TESOUREIRA:

**ANA M. CASTELAO
GEGUNDE**

PRESIDENTA:

LUCÍA CANDAL COSTA

SECRETARIO:

**BENIGNO RUÍZ
NOGUEIRAS**

VOGAL 1 (VOCEIRO):

**IVÁN I. PÉREZ
ZOLGHADRI**

VOGAL 2:

EVA PÉREZ GRIJALVO

VOGAL 3:

**MARGARITA RODRÍGUEZ
PEINÓ**



A **Coordinadora, Lucía Machado Sanmartín** é a representante técnica da entidade, garantizando a coordinación efectiva de recursos humanos e materiais dos distintos servizos. Ademais da organización do equipo técnico e do reparto de responsabilidades e cargas de traballo dos distintos servizos e programas.

Outras das funcións correspondentes a este perfil son:

- Coordinar a elaboración da memoria anual da entidade
- De planificación: colaborar na elaboración de plans, proxectos e programas da entidade, incluíndo o seu seguimento e supervisión en canto a xustificación técnica e a económica e avaliación
- Identificar e propoñer sobre as necesidades materiais, económicas e de recursos humanos; identificar deficiencias e propoñer melloras na asistencia ás persoas usuarias
- De organización e xestión: dos recursos humanos da maneira mais eficaz e eficiente posible (vacacións, permisos,...); dos recursos materiais (distribución de espazos, despachos, ordenadores, e a súa reposición,...) e dos recursos económicos (inclúe obtención de recursos económicos mediante búsqueda de financiación).

O **Equipo técnico da Asociación Raiolas** conta con profesionais de recoñecido prestixio no campo do TEA.

O seu cometido é proporcionar ás persoas e as súas familias:

- Pautas de orientación.
- Desenvolvemento de habilidades de conduta, sociais e comunicativas.
- Habilidades para o xogo.
- Habilidades para conseguir a máxima autonomía.
- Desenvolvemento de habilidades académicas e seguimento escolar.
- Ocio e outras actividades.
- En canto ás familias o equipo técnico outórgalles, coa finalidade de conseguir unha melloría na calidade de vida das persoas con TEA:
- Pautas de orientación.
- Servizos de apoio.
- Información e formación.

En canto **ás familias** o equipo técnico outórgalles, coa finalidade de conseguir unha melloría na calidade de vida das persoas con TEA:

- Pautas de orientación.
- Servizos de apoio.
- Información e formación.



ASOCIACIÓN RAIOLAS

COORDINADORA E TRABALLADORA SOCIAL

LUCÍA MACHADO SANMARTÍN

RAIOLAS

PSICÓLOGOS

LUIS EDUARDO ÁLVAREZ LÓPEZ
JONATHAN EIRIZ LOUREIRO
ALICIA DÍAZ GARCÍA

LOGOPEDA

M^º CRUZ CRESPO GARCÍA

PSICOPEDAGOGA

M^º TERESA LÓPEZ PRADO

TERAPEUTA OCUPACIONAL

LAURA SAEZ FERNÁNDEZ

ADMINISTRATIVA

VERÓNICA FERNÁNDEZ RIVAS

SED

PSICÓLOGA CLÍNICA

ANA M^º GARCÍA GÓMEZ

CENTRO DE DÍA

PSICÓLOGOS

MERRY COMENDEIRO CAMPOS
JONATHAN EIRIZ LOUREIRO
ALICIA DÍAZ GARCÍA

TERAPEUTA OCUP.

LAURA SAEZ FERNÁNDEZ

COCIÑEIRA

CARMEN GÓMEZ PÉREZ

COIDADORAS

M^º ISABEL MOROCHO LÓPEZ
MERCEDES CANELO LÓPEZ

EDUCADOR SOCIAL

JAVIER MONTES VIÑOLO

A ASOCIACIÓN RAIOLAS-LUGO É MEMBRO DE:



ASÍ MESMO, ESTÁ INSCRITA NO:

- Rexistro Provincial de Asociacións (Xunta de Galicia): nº2000/002292.
- Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (Xunta de Galicia): nº E- 5848.
- Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia (Xunta de Galicia): nº FM 505 A.
- Rexistro de Asociacións do Concello de Lugo: nº 168.
- Integrante do Consello Asesor de Pacientes da Consellería de Sanidade (Xunta de Galicia, 2011).
- Rexistro de Centros Servizos e Establecementos Sanitarios desta Comunidade Autónoma (REXCE) co número C-27-001318.



**RAIOLAS FOI DECLARADA ASOCIACIÓN DE
UTILIDADE PÚBLICA POLA XUNTA DE GALICIA
NO ANO 2011.**



ÁREAS DE TRABAJO

SERVIZO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA

Nas primeiras sesións, lévase a cabo unha avaliación exhaustiva, tendo en conta o historial da persoa con TEA e/ou TCS, o seu desenvolvemento, os seus intereses e reforzos. Unha vez realizada esa avaliación, deséñase unha estratexia de intervención individualizada que identifica as capacidades da persoa con TEA e/ou TCS e as áreas de necesidade para axudar a orientar o tratamento.

O TEA ten características propias e definitorias que se manifestan de forma heteroxénea e formarán parte de toda a vida das persoas que teñen dita condición e das súas familias, é por iso que as estratexias de intervención vanse adaptando ás necesidades que conleva a idade da persoa (académicas, adolescencia, idade adulta...) e a súa familia, á vez que acompañándoos ao longo do ciclo vital. O obxectivo é, principalmente, axudar ás persoas con autismo e as súas familias a desenvolverse mellor no seu día a día e enfrontar aos distintos retos e obstáculos que poden atoparse neste longo camiño que empezaron a andar.

Así mesmo, durante a intervención fómase a coordinación e cooperación coas familias e cos centros educativos e/ou outros profesionais.

Os nosos obxectivos van orientados a dar apoio ás familias, aos nenos, adolescentes e adultos con TEA/ TCS, e aos centros educativos e outras institucións ou profesionais relacionados coa contorna familiar, social e educativo da persoa.

No 2025, contamos cunha psicóloga para este servizo a través das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, convocatoria ano 2024.




SERVIZO DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

A intervención psicopedagóxica que se leva a cabo na Asociación Raiolas Lugo, baséase na persoa e axústase aos seus intereses e capacidades, fomentando o desenvolvemento de habilidades de condutas sociais, afectivas, comunicativas, cognitivas, de xogo, académicas e laborais. Tamén, o desenvolvemento das habilidades para a vida diaria, a autonomía e o lecer.

Ademais de na persoa, céntrase na contorna, no medio social e afectivo onde se desenvolve e teno en conta como un elemento importante no proceso. A intervención inclúe o traballo en colaboración coa familia, o centro escolar e outros profesionais; dando información, orientación e asesoramento, ademais de pautas e materiais.

As sesións son individuais e/ou en grupo e trabállase segundo as necesidades concretas de cada caso. A intervención baséase na motivación, o reforzo positivo e a autoestima, seguindo os obxectivos, metodoloxía e enfoque de boas prácticas.



SERVIZO DE INTERVENCIÓN LOGOPÉDICA

O programa de atención de logopedia da Asociación Raiolas-Lugo é un programa dirixido a persoas con TEA ou TCS. Por iso, o obxectivo dende logopedia é promover a mellora na calidade de vida das persoas con TEA e/ou TCS e a das súas familias, avaliando a linguaxe e a comunicación, determinando os obxectivos de traballo en cada caso e establecendo actividades axustadas ás necesidades expostas. Todo iso a través dun "registro de intervención", no que a logopeda establece os obxectivos de cada curso, elaborando estratexias de actuación para cada un deles e proporcionando materiais de traballo.


De forma trimestral, realízase un seguimento dos obxectivos e ao rematar o curso, unha avaliación final dos mesmos. A logopeda informa á familia dos obxectivos establecidos, así como da súa evolución durante o curso a través de reunións periódicas. Así mesmo, realiza reunións cos centros educativos e outros profesionais co fin de realizar un traballo multidisciplinar, efectivo e garantir desta forma, a xeneralización dos contidos



SERVIZO DE INTERVENCIÓN DE TERAPIA OCUPACIONAL

As persoas con TEA e/ou TCS presentan dificultades nas áreas do desempeño ocupacional, dende as actividades básicas da vida diaria ata outras como ocio e participación social. Por iso, é necesario levar a cabo intervencións baseadas na persoa, no seu entorno e nas ocupacións para adecuar o desenvolvemento competente das devanditas áreas, axustado a cada etapa vital, xa que, estas dificultades continúan manifestándose durante a adolescencia e a vida adulta. Estas intervencións débense centrar na familia; mediante o asesoramento, o apoio e a formación, achegando solucións ou alternativas ás dificultades que presentan no desempeño da súa vida diaria.

Neste sentido, e tendo en consideración, que a terapia ocupacional é unha profesión que se ocupa da promoción da saúde e o benestar a través da ocupación, o seu principal obxectivo de intervención en persoas con TEA sería o de axudarlles a explorar, aprender e dominar as destrezas adecuadas á súa idade para lograr un funcionamento que se adapte ás distintas ocupacións, é dicir, as actividades da vida diaria, tanto básicas como instrumentais, de lecer e xogo, e de participación social.





SERVIZO DE EDUCACIÓN SOCIAL

Este ano, dende o mes de decembro, a Asociación Raiolas Lugo conta cun servizo de Educación Social para as persoas con TEA/OU TCS na nosa entidade e as súas familias, proxecto subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e igualdade, chamado "Servizo de xestión administrativa e intervención terapéutica para dar apoio as persoas con TEA/TCS".

O Programas de Cooperación da convocatoria do ano 2025, financiado pola Xunta de Galicia permitiúnos achegar novos servizos ás persoas usuarias da nosa Asociación.

As funcións do educador social centráñse na promoción da inclusión social e o desenvolvemento persoal a través da información e da orientación, e sempre en traballo multidisciplinar para previr a exclusión e fomentar a autonomía.



XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA DEL GOBIERNO
MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL

ÁREA DE ADMINISTRACIÓN

A Asociación Raiolas Lugo, conta co servizo de xestión administrativa para familias é persoas con TEA E/OU TCS, proxecto subvencionado pola Consellería de Promoción do Emprego e igualdade a través dos Programas de Cooperación da convocatoria do ano 2024

Algunha das funcións do persoal administrativo son as reflexadas a continuación:

- Control da documentación e rexistros (revisión, actualización e arquivo)
- Mantemento e cumplimentación dos rexistros oficiais esixidos
- Elaboración de documentación para a Xunta Directiva e para outras Entidades.
- Comunicación Externa (relacións e demandas de outros organismos e entidades) e interna (os socios numerarios)
- Atención e mantemento do correo da entidade, páxina web e Facebook
- Elaboración de Facturas



SERVIZO DE TRABALLO SOCIAL


A Asociación Raiolas conta co servizo de Traballo Social para familias e persoas con TEA e/ou TCS da nosa entidade. As intervencións están centradas na familia e desenvolvidas na contorna directa das persoas con TEA mediante o asesoramento, o apoio e a formación, achegando solucións ás dificultades que presentan a persoas con TEA no desempeño da súa vida diaria.

Neste sentido, e tendo en consideración, que o traballo social é unha profesión baseada na práctica e unha disciplina académica que promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social e o fortalecemento da liberación das persoas. Os principios de xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto a diversidade son fundamentais para o traballo social.

Respaldado polas teorías do traballo social, as ciencias sociais, as humanidades e os consentimentos indíxenas, o traballo social involucra as persoas e as estruturas para facer fronte os desafíos da vida e aumentalo benestar.

O traballo social na Asociación Raiolas- Lugo encárgase do apoio á función terapéutica. A súa función está dirixida á mellora e axuda integral das circunstancias sociais, familiares e económicas do/a usuario/a e a prestar atención global á familia.

Este programa proporciona apoio e asesoramento aos/ás usuarios/as (102 en total) e as súas familias (189 familiares directos), de xeito personalizado, de acordo ás súas necesidades persoais.



ACTUACIÓN EN EDUCACIÓN

O 2 de setembro de 2016 Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e Inés Flores Lozano, presidenta da Asociación Raiolas Lugo, nesta data, firmaron un convenio de cooperación educativa. Dito convenio ten por obxectivo establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Raiolas nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa do alumnado con TEA. Dende entón, o devandito convenio séguese a renovar anualmente a fin de garantir dita melloría durante todo o ciclo escolar. Durante o 2025 mantivéronse diferentes reunións de coordinación con diferentes centros educativos da provincia de Lugo.

GRUPO DE APOIO SOCIAL A ADOLESCENTES

O Grupo de Apoio Social de Adolescentes busca mellorar as oportunidades dos adolescentes con TEA de inserirse na sociedade. O grupo ofrece unha oportunidade para que os adolescentes con TEA pertencan a un grupo de iguais estable, co que manter un contacto regular no tempo e no que poder desenvolver habilidades sociais coa persoa, así como darlles un sentimento de pertenza. De igual modo, axuda a mellorar a participación na contorna e o seu benestar, facer amigos e desenvolver pasatempos e intereses comúns.

Entre os obxectivos do Grupo de Apoio Social de Adolescentes encóntranse:

- Adquirir e fortalecer as súas habilidades sociais e comunicativas.
- Ampliar os seus intereses.
- Participar nas actividades propias do grupo de iguais da súa idade.
- Traballar en grupo coa cooperación e asociación fomentadas.
- Brindar múltiples e variadas oportunidades de aprendizaxe.
- Fomentar a autoconciencia, o autoconcepto e a autoestima.
- Brindar oportunidades para que as habilidades se usen fora do centro.
- Establecer relacións de amizade e aprender a mantelas no tempo.
- Estimular a comprensión e a xestión adecuada de emocións propias e alleas.
- Superar os sentimentos de incompreensión e soidade.
- Potenciar o desempeño das actividades da vida diaria.
- Facilitar a súa adaptación en tódalas contornas sociais.
- Adquirir autonomía para a xestión do propio tempo de lecer.
- O desempeño na autonomía en actividades da vida diaria.





GRUPO DE APOIO SOCIAL A ADULTOS

A través do grupo de apoio social promóvense as habilidades necesarias para o manexo da vida diaria, e facilitáanse espazos seguros de interacción nos que os participantes poden compartir as súas preocupacións e intereses, e xerar relacións de apoio mutuo.

O programa desenvólvese sempre que hai usuarios/as que cumpran cos criterios de idade.

As intervencións realízanse en grupo, unha vez á semana cunha hora e media de duración combinando algunha sesión individual de apoio aos participantes sempre que as circunstancias así o requiriran.

A metodoloxía empregada varía en función das necesidades do grupo e o obxectivo ao que esta enfocada a sesión en concreto. Utilízanse tanto Técnicas de Modificación de Conduta, como son o modelado, role playing, autoinstrucións, paradas de pensamento etc. coma outras técnicas máis centradas na parte cognitiva e emocional, como é a reestruturación cognitiva, encamiñada a cambiar esquemas mentais erróneos que xeran malestar psicoemocional e baixa autoestima. Ademais trabállase sempre desde o punto de vista máis experimental e práctico posible, é por iso que se inclúen como actividades habituais as saídas en grupo e outras prácticas fóra do centro como ceas ou cafés destinadas a fortalecer o vínculo entre os membros e outros obxectivos sociais. Todo iso encadrado na metodoloxía xeral e os principios de intervención que establece a Asociación e anteriormente explicados.

PROGRAMAS

SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

A Asociación Raiolas Lugo dispón de un servizo gratuíto de información e asesoramento para familias, profesionais, persoas con TEA e/ou TCS para dar resposta ás necesidades de atención, información e asesoramento dos recursos existentes na nosa comarca para persoas con TEA e/ou TCS e ás súas familias.


A atención é individualizada, axustándose no posible ás necesidades da persoas que o requiren.

Dende que se iniciou este servizo as demandas fóronse incrementando de xeito notable e neste 2025 houbo un total de 214, a través das diferentes vías de comunicación.

De maneira desglosada e clasificándolas polo motivo, atopamos as seguintes:

- **Servizo de avaliación e diagnóstico: 62**
- **Información sobre intervención: 38**
- **Información xeral sen diagnóstico de TEA: 28**
- **Información xeral con diagnóstico de TEA: 43**
- **Consultas referentes ao Centro de Día: 17**
- **Outros profesionais: 26**

DEMANDAS ASOCIACIÓN RAIOLAS 2025



SERVIZO DE AVALIACIÓN E DIAGNÓSTICO

O servizo de Avaliación e Diagnóstico da Asociación Raiolas Lugo baséase nos criterios recoñecidos pola comunidade científica internacional (CIE-11, DSM-V) e está liderado por un equipo de profesionais sanitarios acreditados no manexo das probas específicas para a detección do autismo (ADOS-2, ADI-R).

O servizo conta co rexistro sanitario da Xunta de Galicia nº C-27-001318.


O servizo está dirixido a tódalas persoas con sospeitas de TEA ou xa diagnosticadas con este trastorno e ten por obxectivos:

- Determinar a existencia ou non de TEA.
- Realizar unha valoración da situación actual da persoa con TEA.
- Aclarar dúbidas e minimizar a confusión para a familia ou persoa con TEA.
- Formular propostas de atención adecuada ás necesidades da persoa con TEA.
- Ofrecer recomendacións sobre as necesidades de apoio e o plan de intervención da persoa.



TELEINTERVENCIÓN "CONECTADOS"

Na actualidade, xorden demandas no eido natural, dentro da rutina diaria que poden ser atendidas grazas a un modelo de tele-intervención que se comezou a implantar durante o estado de alarma pola situación sanitaria debido á COVID-19: este tipo de intervención posibilita atender dificultades, interaccións ou accións de aprendizaxe dentro das actividades diarias das persoas con TEA/TCS e as súas familias. A tele-intervención é un servizo integral e coordinado que a Asociación puxo en valor durante o período de confinamento con excelentes resultados e que se continúa a desenvolver naquelas situacións que sexan indicadas dado que proporciona interaccións significativas a través da oferta de servizos por medio do uso da tecnoloxía e internet.





PROGRAMA DE ATENCIÓN TEMPERÁ E SOCIO SANITARIA A PERSOAS CON TEA

Este programa está subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas.


Co desenvolvemento deste programa, promóvese a atención temperá e o apoio socio sanitario de nenos e nenas con TEA e das súas familias.

A través das seguintes liñas de traballo:

- - **1º Acollida das familias:** informamos ás familias sobre o funcionamento da Asociación e dos diferentes servizos.
- - **2º Valoración:** entrevistamos ás familias, valoramos os informes aportados (socio-sanitarios e educativos) e ao neno/a. Se o resultado da valoración se encadra nunha sospeita de TEA ou un xa conta cun diagnóstico de TEA acórdase a incorporación ao Servizo de Atención Temprá.
- - **3º Elaboración do plan de intervención:** elaboramos un plan de apoios individuais nos que establecemos os tipos de apoios e a intensidade dos mesmos (número de sesións e de horas semanais/mensuais), segundo as necesidades e características dos nenos e nenas.
- - **4º Intervención:** implica a execución do PIA co neno/a e a familia xunto coa coordinación con outros servizos implicados (socio-sanitarios, educativos e psicopedagóxicos) na intervención. A coordinación establécese a través dos cadernos de comunicación, titorías, reunións de coordinación e reunións internas dos membros do equipo de intervención.
- - **5º Avaliación e seguimento:** avaliamos e facemos un seguimento continuo do PIA, do grao de alcance dos obxectivos acordados inicialmente por si é preciso redefínalos e/ou programar uns novos. Unha vez ao ano realizamos unha avaliación final que entregamos ás familias, onde recolleemos todas as áreas do desenvolvemento traballadas, os obxectivos acadados e os obxectivos que continúan en proceso.

As actividades e intervencións que desenvolvemos neste programa contemplan a globalidade da persoa con TEA, a familia como apoio natural principal e o apoio dun equipo interdisciplinar de profesionais formados e con experiencia no apoio a persoas con TEA e/ou TCS.

O programa promove e facilita o acceso e aproveitamento dos recursos sociais, comunitarios e da contorna; a promoción de hábitos de vida saudables, de conductas de autocoidado e de prevención de riscos. Todo iso encamiñado a fortalecer a calidade de vida, o desenvolvemento da autonomía e da propia seguridade das persoas con TEA e/ou TCS.



PROGRAMA DE APOIO INTEGRAL A FAMILIAS DE PERSOAS CON TEA EN SITUACIÓN ESPECIAL DE VULNERABILIDADE

Este programa está subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e a súa finalidade é proporcionar apoio ás familias de persoas con TEA en situación de especial vulnerabilidade desde un “enfoque centrado na familia e na persoa”, metodoloxía de traballo que implica ás familias e ás persoas con discapacidade no deseño e execución dos apoios que precisan.

O programa lévase a cabo establecendo dúas perspectivas na atención ás familias e ás súas necesidades: a familia como axente indirecto e a familia como axente directo da intervención.

O programa dá resposta ás principais necesidades das familias e das persoas con TEA en situación de especial vulnerabilidade a través das seguintes actividades:

- - **Información, orientación e asesoramento familiar** a través dos profesionais vinculados a este programa.
- - **Apoio emocional e axuda mutua:** Neste apartado desenvólvense actividades que se centran no apoio grupal entre iguais coa axuda dun profesional ou facilitador que dinamiza as sesións de traballo (Grupos de apoio de nais e pais, obradoiros de irmáns, grupo de apoio adultos).
- - **Dinamización familiar:** As actividades neste ámbito son para promover o coñecemento, a participación e a implicación das familias na entidade, co fin de que se sintan parte da asociación e de que poidan crear lazos de solidariedade entre elas. Encuentros de Familias. Charlas e Grupos.
- - **Conciliación familiar:** Actividades dirixidas a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Ofrecemos apoio temporal á familia no coidado da persoa con TEA, dando a oportunidade de desenvolver unha vida familiar e social satisfactoria.
- - **Actividades de apoio ao programa:** Difusión de programas, coordinación e avaliación de resultados e impacto do programa, e formación e apoio ao voluntariado colaborador.



PROGRAMA DE ATENCIÓN TERAPÉUTICA A PERSOAS CON TEA E/OU TCS E AS SÚAS FAMILIAS NO MEDIO RURAL

Este programa está subvencionado por a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e a súa finalidade é achegar á poboación do eido rural a atención precisa, dende un enfoque integral, a fin de conseguir rachar coas limitacións coas que se atopan as persoas con TEA e/ou TCS e as súas familias que viven nas zonas rurais da provincia.

Neste senso, achégase á zona rural, mediante o desprazamento de persoal técnico da Asociación unha vez á semana, un apoio a nivel psicosocial da man de persoal especializado, co que se pretende dar resposta ás necesidades de tipo terapéutico (psicoloxía, logopedia e/ou pedagogía), que podan presentar as persoas con TEA e/ou TCS, así como dar cobertura ás necesidades no marco social mediante a achega da información e o dispenso de apoio para o acceso aos recursos existentes ás familias.

No ano 2025 este programa volveuse a desenvolver no concello de Vilalba con atención ás familias residentes neste municipio e a súa contorna.



PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EN CONTEXTOS NATURAIS

Co programa de Apoio en Contextos Naturais coa colaboración da Deputación Provincial de Lugo, Raiolas presta un servizo de apoio ás persoas con TEA e as súas familias en contextos naturais ou naqueles lugares que se acorde. O obxectivo é proporcionarlles un servizo de apoio ou guía para que os usuarios e usuarias desenvolvan ao máximo as súas capacidades, facilitando a comunicación ou a comprensión das súas necesidades por parte das familias. Trátase de mellorar a calidade de vida, favorecendo a creación e o mantemento dun clima familiar equilibrado, que potencie as relacións positivas e de desenvolvemento para todos os membros da unidade familiar.



PROGRAMA ESCOLA DE FAMILIAS

O programa Escola de Familias, desenvolvido en colaboración co Concello de Lugo ten como obxectivo de empoderar a pais e nais con fillos/as co Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) así como aos seus cuidadores. Para eso ofértanse diferentes accións formativas e actividades que lles permiten alcanzar a preparación necesaria para desenvolver da mellor maneira posible o seu labor de pais e nais, aproveitando a experiencia e o coñecemento das diversas institucións que participan impartindo diferentes formacións. Trátase de mellorar as súas prácticas diarias e facilitar ferramentas que contribúan a adquirir novas habilidades que melloren a calidade de vida do sistema familiar, escolar e social en xeral.

ESTE 2025 AS ACCIÓNS FORMATIVAS REALIZÁRONSE ONLINE .

EN COLABORACIÓN



CRONOGRAMA DE CHARLAS AÑO 2025



Concello de Lugo

CHARLA	PONENTE	DATA E HORA	MODALIDADE
"TEA, BIENESTAR EMOCIONAL Y SALUD MENTAL"	REBECA SEVILLA MUÑIZ	15 MARZO 2025	STREAMING
"¿COMO DESARROLLAR HABILIDADES SOCIALES DESDE EL ENTORNO FAMILIAR?"	CHRISTIAN GARCÍA SENRA Y SANDRA GARCÍA GUTIERREZ (AUTISMO BURGOS)	31 MAIO 2025	STREAMING
"FUNCIONES EJECUTIVAS: ENTRENAMIENTO MEDIANTE LAS ACTIVIDADES ESCOLARES Y LA VIDA COTIDIANA"	JUAN CRUZ RIPOLL	20 SETEMBRO 2025	STREAMING
"ALIMENTACIÓN Y TEA"	ELENA YAGÜE	15 NOVIEMBRE 2025	STREAMING



Charla Escuela de Familias:

El próximo **SÁBADO 15 DE MARZO** tendrá lugar la charla:

"TEA, BIENESTAR EMOCIONAL Y SALUD MENTAL"

Ponente: Rebeca Sevilla Muñiz.

Modalidad: Online (Zoom)

Horario: 11:00-13:00 h

Las personas interesadas en participar podéis inscribiros enviando un correo electrónico a la dirección raiolaslugo@gmail.com o bien a través de los teléfonos de contacto de la Asociación 982214504 / 638030316 / 608894478.



La **fecha límite** para apuntarse es el **MIÉRCOLES 12 DE MARZO**

En colaboración con:



CHARLA PROGRAMA ESCUELA DE FAMILIAS

SÁBADO 31 DE MAYO

"COMO DESARROLLAR HABILIDADES SOCIALES DESDE EL ENTORNO FAMILIAR"



Ponentes: Christian García y Sandra García.

Pedagogos y Co-responsables servicio Apitea Autismo Burgos

Modalidad: Online (Zoom)

Horario: 11:00 -13:00h.

Plazo de inscripción: **Jueves 22 de Mayo**


En colaboración con:



CHARLA PROGRAMA ESCUELA DE FAMILIAS

SÁBADO 20 DE SEPTIEMBRE

"FUNCIONES EJECUTIVAS: ENTRENAMIENTO MEDIANTE LAS ACTIVIDADES ESCOLARES Y LA VIDA COTIDIANA"



Ponente: Juan Cruz Ripoll.

Maestro, psicopedagogo y doctor en educación.

Modalidad: Online (Zoom)

Horario: 11:00 -13:00h.

Último día de inscripción: **Jueves 18 de septiembre.**

En colaboración con:



ASOCIACIÓN RAIOLAS – LUGO CIF: G27255991
Rúa Músico Falla nº 21 Baixo 27004 Lugo, Tel.: 982214504 – 608894478
raiolaslugo@gmail.com, Web: www.raiolas.org
Asociación Declarada de Utilidade Pública



CHARLA PROGRAMA "ESCUELA DE FAMILIAS 2025"

Ponente: ELENA YAGÜE GARDE

Diplomada en Terapia Ocupacional pola UCM de Madrid.

Doctorada Universidad de Oviedo



"SELECTIVIDAD ALIMENTARIA"

Modalidad: online (Zoom)

DATA DE REALIZACIÓN: **15 DE NOVIEMBRE DE 2025**

HORARIO: **11:00-13:00 HORAS**

A **data límite** para anotarse é o **mércores 12 de novembro.**

As persoas interesadas en participar podedes inscribiros enviando un correo electrónico á dirección raiolaslugo@gmail.com ou ben a través dos teléfonos de contacto da Asociación 982214504 / 638030316 / 608894478

En colaboración con:



ASOCIACIÓN RAIOLAS – LUGO CIF: G27255991
Rúa Músico Falla nº 21 Baixo 27004 Lugo, Tel.: 982214504 – 608894478
raiolaslugo@gmail.com, Web: www.raiolas.org
Asociación Declarada de Utilidade Pública

PROGRAMA PAI A PAI

O programa Pai a Pai é un espazo creado por pais para pais. Consiste no encontro entre pais de persoas con TEA que xa recibiron o diagnóstico do seu fillo/a fai tempo, e outros pais que acaban de recibilo. O obxectivo fundamental é que os pais experimentados brinden a súa experiencia e os seus coñecementos aos novos, e establezan con eles unha relación de axuda e apoio emocional. Así pois, os pais e nais que levan xa un tempo percorrendo ese camiño ofrecen a súa axuda cando se precise información, pautas, consellos...



“LUGO FALA”

“LUGO FALA” é unha iniciativa que xorde dende a Asociación Raiolas e consiste en sinalizar mediante pictogramas os lugares máis frecuentados da nosa cidade (extensible á provincia), coa finalidade de que Lugo se converta nun entorno máis accesible contribuíndo así a mellorar a calidade de vida das persoas con TEA.

Todo isto foi posible grazas á colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do Portal Aragonés de Comunicación Aumentativa e Alternativa (ARASAAC). No local da asociación dispuxéronse de pictogramas para todos os interesados.

Raiolas Lugo presentou a práctica “Lugo Fala no II Encontro de Prácticas Admirables de Plena Inclusión celebrado en Zaragoza os días 26 e 27 de setembro de 2019. En xaneiro de 2020 Plena Inclusión outorgou a asociación un certificado de “Boa Práctica” por dita iniciativa.



PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

A participación dos voluntarios nos proxectos que se desenvolven no seo da Asociación, supón un valor que permite achegar á sociedade o coñecemento das persoas con TEA e TCS, á súa vez, que axuda a conseguir os obxectivos perseguidos pola Asociación, posto que os voluntarios e voluntarias participan como referentes, guías e mediadores de acceso dos colectivos aos recursos comunitarios.

As persoas voluntarias son unha peza fundamental para mellorar as relacións das persoas con TEA e crear apoios naturais. A Asociación Raiolas Lugo mediante o Programa de Voluntariado posibilita o contacto entre as persoas que queren realizar unha acción voluntaria e a unha persoa con TEA coa intención de que na relación de apoio compartan inquietudes e intereses comúns e manteñan unha relación persoal enriquecedora. Mediante este Servizo, a Asociación Raiolas Lugo aposta polo voluntariado, polas relacións de igualdade para as persoas con TEA e pola creación dunha sociedade máis inclusiva e igualitaria.

Neste 2025, as persoas voluntarias participaron en diferentes actividades grupais, proporcionando apoio ás persoas con TEA e/ou TCS da Asociación.

A Asociación Raiolas Lugo ten subscrito un Convenio de Colaboración co Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Desde a Asociación Raiolas Lugo, xunto co Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU) e a Escola de Enfermería da USC do Campus de Lugo, comenzamos a II edición do Obradoiro de Coidados para persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA).

Dito proxecto busca fomentar unha colaboración significativa entre os/as estudantes de enfermería e os rapaces/zas do Centro de día Raiolas Lugo (Centro concertado coa Xunta de Galicia)



Tamén asistimos ao acto de presentación do proxecto ASerES Lugo, aprendizaxe-servizo con entidades socioeducativas para a formación de futuras mestras e mestres na facultade de formación do profesorado.



OBRADOIROS

OBRADOIRO DE HABILIDADES DOMÉSTICAS

As persoas con TEA presentan dificultades na adaptación funcional ao longo de todo o desenvolvemento, e de forma máis acusada, na idade adulta. Este aspecto, supón unha gran limitación para lograr interactuar e desenvolverse na súa contorna máis próxima e na comunidade da forma máis autónoma posible. É por iso que se fai necesario levar a cabo intervencións psicoeducativas e terapéuticas temperás, e en conxunto coa familia, que estean adaptadas a cada idade e características persoais. Estas intervencións deben estimular a adquisición de aprendizaxes que resulten significativos e relevantes para a súa vida, favorecendo que estes, xeneralícese a todos os contextos nos que a persoa con TEA de desenvolve. Trátase de promover, de maneira efectiva, a súa autonomía persoal e a súa inclusión social.

Tomando como referencia o sinalado en liñas anteriores, a Asociación Raiolas desenvolve un obradoiro de habilidades domésticas que posibilite desenvolver, reaprender, manter, compensar e/ou substituír destrezas e/ou habilidades, a un nivel suficiente de competencia e funcionalidade. Este obradoiro pretende facilitar que as persoas con TEA logren a máxima autonomía nas actividades cotiás do fogar. Esta autonomía, permitiralles poder desenvolverse na súa comunidade e contorna máis próxima da forma máis autónoma posible, ademais de prepararlles para a autodeterminación nun futuro, logrando así unha mellor calidade de vida.

O obradoiro de Habilidades Domésticas é impartido polo Terapeuta Ocupacional.



OBRADOIRO DE OCIO INCLUSIVO

A participación en actividades e contextos sociais é fundamental para o desenvolvemento social e persoal. Estar involucrado en actividades formais e informais con outras persoas brinda oportunidades para participar, desenvolver habilidades e facer novas amizades.

As persoas con TEA teñen poucas posibilidades de acceder a contornas comunitarias e participar en actividades sociais, o que as pon en risco de exclusión social. Entre algúns dos aspectos que supoñen unha barreira para o acceso e participación das persoas con TEA nas actividades sociais e comunitarias encóntranse a existencia dunha escasa oferta de lecer inclusivo no que poder participar, así como dificultades propias para a autodeterminación na elección de actividades e no eido social que se traducen en escasas relacións de amizade e no emprego do tempo de lecer en actividades solitarias e pasivas nas súas casas. Polo tanto, é necesario levar a cabo actividades que promovan que as persoas con TEA utilicen os servizos e os recursos que se presentan na súa comunidade, para así, potenciar o seu desenvolvemento persoal e a súa integración sociocultural. Asemade, tratase de poñer a atención nas capacidades e fortalezas das persoas con TEA por encima das dificultades.

As persoas con TEA teñen fortalezas únicas e poden realizar achegas valiosas á sociedade cando se inclúen nelas como protagonistas da vida cotiá e cidadáns de pleno dereito. Tomando como referencia o sinalado en liñas anteriores, o obradoiro de ocio inclusivo pretende brindar ás persoas con TEA unhas maiores oportunidades de participación social e de mellora das capacidades sociais, da autonomía e da autoestima e favorecer a súa inclusión efectiva en actividades normalizadas de lecer.

A realización das diferentes actividades que conforman este obradoiro, posibilitará que as persoas con TEA poñan en práctica capacidades aprendidas e adquiriran habilidades nun contexto natural. Todo isto favorecerá o establecemento e a melloría das relacións e habilidades sociais, da autoestima, da autonomía, a autoxestión, o sentimento de pertenza a un grupo o que lles permitirá ter unha vida plena e igualitaria. Este obradoiro é levado a cabo polo Terapeuta Ocupacional e desenvólvese en dous grupos. A pertenza a cada grupo establécese en base ás idades e criterios dos/as profesionais.





ACTOS CONMEMORATIVOS

DÍA INTERNACIONAL DO SÍNDROME DE ASPERGER

Con motivo da conmemoración do Día Internacional de Asperger, este 2025 poñemos o foco na variabilidade existente dentro do espectro, remarcando a idea de que cada persoa con autismo é diferente e apelando a necesidade de coñecerlas para poder apoialas da maneira máis adecuada as súas necesidades e intereses.

Nesta liña, dende a Asociación Raiolas, sumámonos á campaña facendo un video, onde algún dos nosos rapaces nos contan as súas características máis persoais co Síndrome de Asperger.



DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8M

No Centro de Día de Raiolas, conmemoramos o Día Internacional da Muller, 8M, facendo un fermoso mural con imaxes das mulleres máis referentes do feminismo da nosa historia



DÍA MUNDIAL DA CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

O día 2 de Abril, conmemoramos o “Día Mundial da Concienciación sobre Autismo”, sumámonos como cada ano á campaña promovida por Autismo España co lema “Somos Infinitos” e a figura do infinito como símbolo de visibilización.

Este ano, púxose o foco en visibilizar que non hai dúas persoas con Autismo iguais, cada unha delas é única e ten as súas propias necesidades, capacidades e intereses, polo que necesitan un apoio especializado e adaptado á súa situación persoal.

Dende a Asociación Raiolas realizáronse numerosas actividades en torno a celebración deste día tan especial para nós e para todas as persoas con TEA, dende xogos populares ata unha exhibición de baile a cargo da academia de baile Star Dance, diante do Concello de Lugo.

Ademáis decoramos con numerosos infinitos a nosa Entidade e o noso Centro de Día.



DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO



00.00 Light it up Blue

Iluminación de cor azul da fachada principal do Concello de Lugo, pasarela peatonal Tanxugueiras e fachada do edificio da sede da Deputación de Lugo.



12.00 Programación de mañá:

Lectura do Manifesto



17.00 a 19.00 Programación de tarde:

Exhibición de baile a cargo da Escola de Danza Star Dance



Xogos populares para a participación da cidadanía

Todas as actividades realizaránse diante do Concello de Lugo onde teremos un punto de información.



DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

Co motivo da Conmemoración do 25N, Día Internacional da Erradicación da Violencia Contra a Muller, a Asociación Raiolas mostra a súa solidariedade na loita contra as violencias machistas, ca campaña de este ano, para a eliminación da violencia contra as mulleres, a igualdade é o camiño.

Por iso, tanto na sede de Raiolas como no Centro de Día para persoas con discapacidade, leváronse a cabo distintas actividades de sensibilización na loita contra a violencia de xénero.



DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O día 3 de decembro, Día Internacional das Persoas con Discapacidade, co lema “Baixo o Mesmo Paraugas, #XENTE10”, sumámonos á celebración abrindo os paraugas de cores na Praza Maior de Lugo.



DÍA INTERNACIONAL DO VOLUNTARIADO

A Asociación Raiolas Lugo forma parte, xunto coas 16 entidades do eido social da Rede Lucense de Voluntariado.

Tódalas entidades que conforman a rede, entre elas a nosa, teñen unha meta común: dar resposta as necesidades de impulsar e promocionar o voluntariado organizado na cidade de Lugo.

Así, durante este 2025 mantivéronse reunións de coordinación con outras entidades que conforman a Rede Lucense para desenvolver actos para o día 5 de decembro, Día Internacional do Voluntariado.

Este ano, finalmente, gozamos todos/as xuntos/as dunha chocolatada con bingo musical no soto da Praza de Abastos.



ACTOS BENÉFICOS

GALA BENÉFICA DIEZ RAZIONES

O 21 de febreiro, celebrouse a primeira edición da “Gala Benéfica DIEZ RAZIONES”, unha gala solidaria gastronómica, na que 10 prestixiosos chefs deleitaron os asistentes co seu talento no Círculo das Artes de Lugo.

Ademáis poidemos gozar da maxia do Mago Rafa, da Orquesta da Cámara de Lugo e da música do Grupo Guayaba.

Xunto coa Asociación Down de Lugo, tivemos a sorte de ser unha das entidades beneficiarias da recaudación económica xerada nesta gala benéfica.



FESTA DA AUGARDENTE DE PORTOMARÍN 2025

O 19 de abril, na celebración da Festa da Augardente de Portomarín, fíxose a degustación dun cóctel solidario con augardente, na que o importe recaudado foi integramente para a Asociación Raiolas.



VENDA DE PARTICIPACIÓNS BENÉFICAS DE NADAL

Como cada ano, o 22 de decembro, coincidindo cos meses previos o nadal, dende a Asociación Raiolas Lugo, puxéronse a venda participacións para o sorteo da lotería de nadal.

Con isto preténdese recaudar fondos para a entidade, á par que aqueles que deciden facer unha achega a través desta vía, participa cunha porcentaxe da contidade no sorteo.

XVI TORNEO BENÉFICO DE GOLF RAIOLAS LUGO

O 7 de setembro realizamos o XVI Torneo Benéfico de Golf da Asociación Raiolas. Como cada ano, agradecemos a todas as empresas colaboradoras a súa participación.

Xunto coas familias, os participantes e os espectadores, fan posible que poidamos celebrar o noso Torneo Benéfico de Golf cada ano.

Entidades colaboradoras 2025:

CAFÉS CANDELAS, ADRIÁN SALGADO, LIBRERÍA AGUIRRE, LIBRERÍA BIBLOS, LIBRERÍA TROLL, JOYERÍA MODESTO, JOYERÍA CALVO, HOTEL MÉNDEZ NÚÑEZ, FEDERÓPTICOS LUKUS, YVES ROCHER, CB. BREOGÁN, CÓDIGO DENIM, GADIS, LUCUS DONAPEL, TORRE DE NÚÑEZ, ACADEMIA MAESTRÍA, JIM SPORTS, RESTAURANTE PAPRICA, CD. LUGO, CV. EMEVE, DEPORTES ÉLIDE E O CLUB DE GOLF LUGO.



MERCADO DIVERSIARTE

Os días 9,10 e 11 de decembro, participamos no Mercado Diversiarte, situado na Praza de Abastos, onde puidemos vender as nosas participacións de lotería e produtos feitos a man polos nos@s usuari@s, tales coma, centros de mesa, bonecos de nadal, tarros decorativos...

Tamén levamos a cabo o obradoiro navideño no cal os participantes podían personalizar ás bólas de nadal cas súas persoaxes preferidas.



AS NOSAS FESTAS


ENTROIDO RAIOLAS

O noso Entroido, estivo cargado de festas de disfraces, photocall, manualidades e de postres típicos elaborados polos nosos usuari@s.



ARDE LUCUS

Este ano, poidemos gozar da festa de Arde Lucus da nosa cidade, visitando campamentos e caracterizándonos cos típicos traxes desta época.



SAN XOÁN

Gozamos do día de San Xoán no Centro de Día, cunha fogueira, unha queimada co seu conxuro e unha gran actuación do grupo Xílgaros, os cales nos deleitaron con música tradicional.




SAN FROILÁN

Nas festas patronais da cidade de Lugo, visitamos o recinto feiral coa finalidade de gozar tod@s xunt@s, xogando nas tómbolas e subindo as distintas atraccións.

Como todos os anos, puxemos a disposición a toda a cidadanía, cascos antiruído no punto de información turístico situado na Praza Maior.

Ademáis xunto con Aspace Lugo, solicitamos unha hora sen ruído, con baixada de decibeis.

Con estas dúas accións seguimos contribuindo a facer da nosa cidade unha contorna máis accesible para todos e todas.





SAMAÍN

Durante a festa do Samaín, gozamos de moitas actividades, como a elaboración de cabazas e tamén podemos adornar os nosos centros.



NADAL

Celebramos as festas do Nadal, facendo como cada ano o tradicional amigo invisible, ademáis puxemos a tradicional decoración navideña e felicitamos as festas cunha fermosa postal navideña coa colaboración de todas as persoas traballadoras.



ACTIVIDADES

VISITA DO ALUMNADO IES POLITÉCNICO

No mes de marzo, na nosa entidade, tivemos o pracer de compartir cos alumnos/as do IES Politécnico do ciclo medio de "Atención a persoas en situación de dependencia", a nosa experiencia e traballo que realizamos día a día para mellorar a calidade de vida ás persoas con TEA e ás súas familias.



VISITA O MUSEO MIHL

Os usuarios/as de Raiolas, puideron gozar da exposición: "Evolución desde a Imperfección: Arte, Realidade Virtual e Neurociencia", no museo MIHL de Lugo.



PREPARACIÓN DO NOSO HORTO

Nos días de primavera, os usuarios/as do noso Centro de Día, cosecharon un pequeno horto, do cal logo, recibimos unha boa cosecha.



FUNDACIÓN BREOGÁN

Gracias a Fundación Breogán e o CB Breogán, podemos gozar dunha mañá chea de emocións, onde coñecemos a algún xogador deste equipo, cos cales xogamos e disfrutamos moito con eles.




VISITA A MARCELLE NATUREZA

No mes de maio, realizamos unha excursión a Marcelle Natureza, para coñecer os distintos animais que alí conviven. Aprendemos e gozamos todos/as a partes iguais. Un día no que vivimos unha grande experiencia.



VISITA A AVIFAUNA

Realizamos unha visita cos nosos usuarios/as de Raiolas, o Parque Ornitológico Avifauna de Lugo, onde puidemos ver e coñecer moitas clases de aves.



INVITACIÓN OS CINES YELMO

Neste 2025, asistimos un par de veces os cines Yelmo no C.C. As Termas, participando na iniciativa solidaria que o mesmo centro comercial promove, "Vamos Todos a Cine Yelmo."

Puidemos ver películas como "Flow."



FUNDACIÓN BREOGÁN


PROXECTO PERSOAS.

En setembro comenzamos unha nova tempada do Proxecto Persoas, no que se promove o deporte inclusivo a través do baloncesto.

A sesión semanal de cada xoves, está dirixida polos adestradores da Fundación Breogán e de persoal técnico das entidades participantes.

PROXECTO AROS LUZ.

Este ano iniciouse o Proxecto Aros no cal participan os usuarios/as do Centro de Día Raiolas, xunto ca Asociación Dano Cerebral acompañados dunha educadora social e de persoal técnico de ambas entidades.




ASISTIMOS AS XORNADAS: ATENDENDO Á DIVERSIDADE EDUCATIVA

Atendendo á Diversidade Educativa, foron unhas xornadas realizadas en Santiago de Compostela, onde estivemos cunha caseta formativa da nosa Asociación e onde compartimos reivindicación cos nosos compañeiros de Capaces Lugo.



OUTRAS ACTIVIDADES DE VERÁN:

- Visita o mercadillo solidario Leiras Pulpeiro
- Picnic nos días de calor
- Taller de creación de playmobil con Koleccioname
- Tardes de piscina e merendas
- Xogos de mesa en Nautilus




MAGOSTO

As persoas usuarias do Centro de Día, gozaron dunha xornada recollendo castañas para poder elaborar unha rica torta, unha actividade coa que traballamos habilidades de autonomía, motricidade e cooperación.



TEATRO PINCHACARNEIROS

O 15 de novembro gozamos da obra de teatro “Achado do Castro”, a cargo da Asociación Os Pinchacarneiros, en colaboración ca Deputación de Lugo. A obra representouse no Centro de Convivencia de Fingoi.



CELEBRAMOS O NOSO 25 ANIVERSARIO

O 12 de decembro, celebramos o 25 aniversario de Raiolas, un acto moi importante para todos os membros que formamos parte desta Asociación.

Este acto tivo lugar no Vello Cárcere de Lugo, no que poidemos escoitar unha charla impartida por Carmen Márquez, licenciada en psicoloxía pola USC, coa especialidade en psicoloxía clínica, baixo o título, “Do Autismo Infantil á Neurodiversidade”. Ademáis, poidemos escoitar relatos de vida de diferentes familias asociadas, e por último gozamos dun pequeno vídeo conmemorativo dos 25 anos, elaborado e presentado polo Equipo Técnico da entidade.



• NOTICIA

- En xullo do 2025, produciuse o cambio da Xunta Directiva da Entidade tras a aprobación na correspondente Asamble de Socios. Dito cambio foi publicado en diferentes medios de comunicación, prensa e redes sociais.

EL PROGRESO SABADO 26 DE JULIO DE 2025

LUGO

Raiolas suma por primera vez a su directiva a una persona con autismo

► El portavoz y vocal, Iván Pérez, considera que aportará una visión diferente y necesaria

MARÍA KLESIASZ, L.
A local@progreso.es

LUGO. La asociación Raiolas cuenta por primera vez en sus 25 años de historia con un cargo directivo que es una persona con autismo. "Es importante porque nosotros somos los que sabemos de primera mano lo que necesitamos y podemos aportar una visión que a veces se pierde cuando solo hablan las familias o los profesionales", dice el actual vocal y portavoz de la junta directiva, Iván Pérez.

Explica que su diagnóstico llegó ya siendo adulto, porque cuando era un niño no existía el término asperger como condición dentro del Teo (trastorno del espectro autista). Sabía que había algo que le diferenciaba del resto de los niños y dice que su madre creía que se comportaba diferente a sus hermanas por ser más pequeño y varón.

A pesar de su tardía detección, ha ido enfrentando diversos desafíos para convertirse en quien es hoy en día y es por eso por lo que recalca que cada persona es diferente y sufre las características del trastorno de formas distintas. Por ejemplo, no a todo el mundo le afecta el ruido de la misma manera. Eva Pérez, otra de las vocales de la directiva, asegura que su hijo menor, diagnosticado con autismo "tiene hipersensibilidad sensorial selectiva, toca la batería y no le afecta el sonido pero no soporta el ruido del secamanos de un baño público".

UNA CONDICIÓN. Desde su posición de portavoz, Iván quiere desestigmatizar lo que socialmente se entiende como autismo. Lo primero que explica es que no es una enfermedad, sino una condición. "Hay gente que sigue viendo el autismo como una enfermedad o un castigo y no es así. Es una manera diferente de ser y de entender el mundo", explica. Por lo tanto no tiene ni cura ni tratamiento específico. Recordando sus propias vivencias, cuenta que antes de



Iván Pérez, Marga Rodríguez, Eva Pérez y Benigno Ruiz. PHOTO

Autista Considerado un insulto por la Rae

Otra de las reivindicaciones de Iván es el uso normalizado del término autista. Recuerda que esta palabra no solo hace referencia a las personas que padecen autismo, sino que también es un insulto según la Rae, algo que le disgusta. "Ninguna otra condición aparece como insulto. No está diabetes, no está esquizofrenia, solo autismo", señala el portavoz de Raiolas.

Sin ser peyorativo
Iván se refiere sí mismo como autista, pese a que puede sonar peyorativo para otras personas. A Eva, le cuesta utilizarlo y explica que solo se refiere a su hijo como persona con autismo.



Taller con niños en Raiolas. PHOTO

te emocional, pues las personas con autismo que lo hacen desde pequeñas pueden llegar a sufrir crisis emocionales graves, ansiedad o colapsos cuando no pueden sostener más ese esfuerzo.

La asamblea en la que se eligió a la nueva junta directiva tuvo lugar el pasado 5 de julio y trajo consigo un cambio importante, después de un largo periodo bajo la misma dirección. "Hasta la fecha no había un relevo y los anteriores estaban desgastados", explica Eva Pérez, que recuerda que la junta siempre ha estado formada por personas vinculadas con la asociación, familiares de personas con autismo.

En esta reunión se decidió por unanimidad incorporar a Iván como portavoz para transmitir valores de integración y autonomía. El resto del equipo directivo está formado por Lucía Candal, presidenta de la asociación; Ana Carballo, tesorera; Benigno Ruiz, secretario y Marga Rodríguez y Eva Pérez como vocales. Hay 108 familias vinculadas con la asociación, 38 socios que no reciben terapia y 70 que sí la reciben.

En el centro de Raiolas—que este año cumple sus bodas de plata— se ofrecen varios servicios, a los que, según aclaran los directivos, de no ser por la asociación, muchas familias no tendrían acceso por el elevado coste de algunas de las terapias, que no están financiadas por la Seguridad Social. Estos incluyen atención psicológica, psicopedagógica, logopedia, charlas, formación y muchos talleres que les ayudan a mejorar sus habilidades sociales.

Además de los servicios mencionados, también desde la asociación se realiza un seguimiento escolar. Los vocales inciden en que el apoyo por parte de los centros y la normalización del trastorno por parte de los alumnos ayuda a los niños con autismo a superar metas. "No todos necesitan lo mismo. Lo importante es tener apoyo personalizado y respetar su manera de ser. Cuando conoces a un autista, conoces a uno, no a todos", dice Iván, porque el autismo es un espectro amplio y heterogéneo y cada persona con Tea es única.

La nueva directiva se propone colaborar con otros centros porque de esta forma puede cubrir más necesidades de las familias y realizar más actividades.



CENTRO DE DÍA

O Centro de Día é un modelo de centro de atención diurna, deseñado para un máximo de 15 persoas usuarias, co obxectivo de ofrecerlles unha atención individualizada e especializada. É un centro que se adapta as necesidades das persoas con autismo que o integran e que facilita a súa estancia mediante o uso de metodoloxías específicas e de adaptacións físicas, espaciais e materiais.

A Asociación Raiolas Lugo é adxudicataria dun concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con trastorno do espectro autista, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido e discapacidade intelectual para o período 2024-2028 (Diario oficial de Galicia núm. 121, do 24 de xuño de 2024).

O noso centro caracterízase por fomentar a autonomía persoal e o desenvolvemento de habilidades para a vida diaria e o ámbito laboral. Ademáis da continuidade ao traballo, das habilidades académicas, sociais, comunicativas e de autonomía que se viñeron desenvolvendo en etapas anteriores na Asociación. Establecese así como un medio de intervención e como unha ponte para mellorar as habilidades.

Ademáis, o noso Centro de Día céntrase na inclusión das persoas con TEA co fin último de favorecer a súa inmersión no mencionado mundo laboral a través de programas de apoio, autonomía, independencia, autoestima e valoración social.

Outra das funcións do Centro será a de coordinarnos co resto de organismos: centros formativos, programas e servizos de emprego, servizos de vivenda, servizos sociais, sanitarios, de ocio, etc. Tamén os recursos dirixidos á familia do usuario, especialmente cos recursos de información, asesoramento, orientación e formación familiar.

Co fin de garantir a participación e inclusión social dos beneficiarios, o Centro de Día encóntrase na comunidade, cunha dotación axeitada e suficiente de recursos e servizos no entorno próximo.



As instalacións contemplan espazos destinados a realización de actividades formativas e ocupacionais (aulas, obradoiros, etc.), así como outros orientados a intervención especializada (aula de comunicación e logopedia, sala de fisioterapia, etc...) Ademáis, inclúe espazos destinados á práctica deportiva (área destinada a ximnasia, vestiarios etc...) así como a manutención e o descanso (comedor, sala de descanso, aseos adaptados etc.)

Os servizos que se ofertan son os seguintes:

- CUIDADO PERSOAL, CONTROL E PROTECCIÓN DOS USUARI@S
- ATENCIÓN ESPECIALIZADA
- ATENCIÓN LABORAL
- COMEDOR
- ACTIVIDADES DE CONVIVENCIA, OCIO E TEMPO LIBRE





ÁREA ECONÓMICA

FONTES DE FINANZAMENTO PÚBLICAS

- Subvencións destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas.
Xunta de Galicia (convocatoria de 2024 e execución en 2025).
Liña I. Programa de atención terapéutica a persoas con TEA/TCS e as súas familias no medio rural.
Liña III. Programa de atención temperá e sociosanitaria a persoas con TEA.
Liña III. Programa de apoio integral a familias con TEA en situación de especial vulnerabilidade.
Liña IV. Proyecto de instalación de climatización e colocación de vinilos.
- Subvención nominativa **Exma. Deputación Provincial de Lugo**. Programa “Intervención en contextos naturais” (2025).
- Subvención nominativa **Concello de Lugo**. Programa “Escola de familias” (2025).
- Programa de **Cooperación da Xunta de Galicia** para o servizo de Xestión Administrativa e Intervención Terapéutica para dar apoio as persoas con TEA/TCS 2025/2026.
- Subvención pola **Excma. Deputación Provincial de Lugo** (Área de Cultura, Patrimonio Histórico-Artístico e Normalización Lingüística) subvención destinada a investimentos en instalación de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por Asociacións Culturais da provincia de Lugo, concedeunos unha axuda económica para a adquisición de equipamento técnico permitindo así mellorar a calidade de servizo.
- Programa de Traballo Social para a prevención e inserción social das persoas con Trastorno do Espectro Autista e Trastorno da Comunicación Social, mediante o Convenio de colaboración entre a **Consellería de Política Social e Igualdade** a nosa entidade.
- Concerto social para a reserva e ocupación de prazas en servizos de atención diúrna e de atención residencial para persoas dependentes con trastorno do espectro autista, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido e discapacidade intelectual para o período 2024-2028 (Diario oficial de Galicia núm. 121, do 24 de xuño de 2024)



FONTES DE FINANZAMIENTO PRIVADAS

A FUNDACIÓN ONCE, Convocatoria PIR 2025:

- Para a cooperación e a inclusión social de persoas con discapacidade, concedeunos unha axuda económica, destinada a sufragar parte dos gastos derivados da adquisición de equipamento para a nosa entidade.





ASOCIACIÓN RAIOLAS LUGO CIF: G27255991
RÚA MÚSICO FALLA Nº21 (BAIXO),27004, LUGO
TLF. 982214504-608894478-638030316
raiolaslugo@gmail.com;
web: www.raiolas.org
ASOCIACIÓN DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA